

## **BANDO INFORMATIVO**

### **AMPLIACIÓN DE HORARIO POLA FESTA DO SAMAIN NO CONCELLO DE OUTES**

**D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAGO SABER:**

Que con motivo da celebración da Festa do Samaín no Concello de Outes, acordouse a ampliación de horarios de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

**PRIMEIRO. Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos**, en todo o termo municipal, durante as **noites do 31 de outubro de 2025 ao 2 de novembro de 2025**.

**SEGUNDO.** Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración da festa, serán **aqueles que contén con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

**A prolongación do horario** permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

**TERCEIRO.** Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas**.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

